

AESAN

Reunión de Mesa Delegada

27/03/2025

Hoxe reuniuse a Mesa Delegada para tratar os seguintes puntos:

Efectivos

Neste momento, a AESAN ten 169 postos ocupados dun total de 217 que hai no cadro de persoal.

A 25 de marzo, hai 22 postos ocupados en comisión de servizos e 8 en adscrición provisional.

A Administración está novamente facendo un estudo das necesidades de servizo pero parece que non teñen presa. O anterior estudo tardou tanto que agora xa non se adecúa á realidade.

A CIG criticou a falta de axilidade para detectar a falta de persoal e facer o necesario para contar cun cadro de persoal adecuado ás necesidades.

Calendario laboral

Estase elaborando un novo calendario laboral pero de momento non o pasaron aos sindicatos. Tampouco quixeron dar ningunha información sobre o seu contido polo que teremos que esperar a que nos envíen o borrador cando teñan rematado, para saber algo máis pero parece que non vai ser antes de 3 meses.

Produtividade

Néganse a dar información sobre esta retribución. A falta de transparencia dá que pensar polo que a CIG terá que seguir outros cauces para obter a información.